

**Colabora:**



**Organizan:**



## BASES LEGAIS CONCURSO DE SAN VALENTÍN



### OBXECTO E CAMPO DE APLICACIÓN

A Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros (Federación Galega), en colaboración co Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia (COXGA), en adiante “a organización do concurso”, organiza un CONCURSO DE TEXTOS DE AMOR a través das súas contas de Instagram (@xoiariagalega) e de Facebook (Colexio Oficial de Xoiaría), con motivo da campaña de SAN VALENTÍN.

### DESCRIPCIÓN E MECÁNICA DO CONCURSO

Para poder participar no concurso debes cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Seguir a @xoiariagalega en Instagram, se participas nesa rede social; ou ao Colexio Oficial de Xoiaría, se participas en Facebook.
- 2) Dar “gústame” á publicación.
- 3) Escribir un breve texto de amor na publicación (cun máximo de 30 palabras) e mencionar a un amigo.

### LUGAR E DURACIÓN DO CONCURSO

O presente concurso solo terá validez no territorio de España desde o 3 de febreiro de 2023 ata o 14 de febreiro de 2023 ás 23:59 horas.

### PREMIOS:

- Primeiro premio: unha noite para dúas persoas nas cabanas de Beche (@becheecocamp) con cea incluída. O premio está valorado en 400€.
- Segundo premio: un vale de 100€ para comprar en calquera dos establecementos adheridos á acción.
- Terceiro premio: un vale de 50€ para comprar en calquera dos establecementos adheridos á acción.

**Colabora:**



**Organizan:**



Dos días 16 ao 20 de febreiro un xurado deliberará entre todos os textos participantes (aqueles que cumpran todos os requisitos).

Daranse a coñecer os gañadores do concurso o día 27 de febreiro e estes serán publicados en Instagram e en Facebook

A organización do concurso porase en contacto cos gañadores a través dos perfís de Redes Sociais cos que concursaran, a fin de comunicarlles que gañaron o concurso e darlle as indicacións para trocalo.

O premio non será trocable polo seu importe en metálico nin por ningún outro premio.

## **PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Os datos dos gañadores serán incorporados aos ficheiros Concurso, titularidade da Federación Galega de Xoieros e de Coxga, coa finalidade de proceder á entrega de premios. Estes datos eliminaranse unha vez realizadas as entregas de premios.

Os ficheiros Concurso encóntranse debidamente inscritos no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, a nome da Federación Galega de Xoieros, Prateiros e Reloxeiros e do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia (Coxga).

A aceptación dos premios polos gañadores, supón a autorización para a organización do concurso de utilizar os seus nomes e as súas imaxes con fins publicitarios do resultado do sorteo. Ditos datos poderán ser igualmente utilizados con fins publicitarios mediante a publicación do gañador en diferentes medios de comunicación, en [www.fgxoieiros.es](http://www.fgxoieiros.es) e [www.coxga.es](http://www.coxga.es) e noutros soportes con similares fins. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por correo postal á Federación Galega de Xoieros, na rúa Laverde Ruiz nº 6 baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela ou ao Coxga, rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2º B – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), a través dun escrito asinado ó efecto e remitindo unha copia do DNI. Bases completas do sorteo en [www.fgxoieiros.es](http://www.fgxoieiros.es) e [www.coxga.es](http://www.coxga.es)

A organización do concurso resérvase o dereito de suspender, aprazar, prorrogar ou cancelar esta acción en calquera momento sempre que existan causas que, ao seu criterio, o xustifiquen.

Os participantes garanten e responden da veracidade, exactitude, vixencia e autenticidade da súa información persoal.

**Colabora:**



**Organizan:**



## **NORMAS DE CONTROL E SEGURIDADE**

A organización do concurso resérvase a facultade de adoptar cantas medidas resulten oportunas para evitar calquera conduta que sospeite que teña por finalidade ou efecto calquera intento de actuar en fraude da presente promoción ou en incumprimento das súas normas ou en prexuízo doutros participantes, cuxa primeira e inmediata consecuencia será a exclusión do participante e a perda de todo o dereito ao premio que eventualmente obtivera.

A organización do concurso, resérvase o dereito de invalidar, expulsar, eliminar ou non ter en conta no cómputo aqueles perfís que considere sospeitosos de calquera intento de participación fraudulenta, incluído, a modo enunciativo e non limitativo, o intento de rexistro de máis dun perfil de usuario por parte dunha persoa, creación de perfís falsos ou usurpación de identidade.

A organización do concurso resérvase o dereito a excluír participación que atenten contra o decoro e os dereitos e liberdades públicas.

## **LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE**

A organización do concurso exclúe calquera responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puideran deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos usuarios, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario

## **CESIÓN DE DEREITOS**

Os participantes no concurso, pola mera participación neste, autorizan, expresamente á organización do concurso, sen limitación temporal ou territorial algunha, a exhibir, publicar, e/ou difundir os textos enviados, coa única finalidade de realizar, executar e concluír o concurso.

Así mesmo, a organización do concurso resérvase o dereito de comunicar de forma pública e nos medios de comunicación que crean convinte o texto, o nome e apelidos dos participantes, entendéndose que estes ceden a favor de dita sociedade todos os dereitos que foran necesarios a tal fin.

**Colabora:**



**Organizan:**



## **OUTRAS NORMAS**

A simple participación neste concurso implica a aceptación destas Bases na súa totalidade e o criterio interpretativo da organización do concurso en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente concurso, polo que a manifestación, no sentido de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia da mesma, a organización do concurso quedará liberado do cumprimento de calquera obriga contraída con el.

Ao participares neste concurso recoñeces e aceptas que os dereitos de propiedade intelectual sobre os materiais desta promoción corresponden á organización do concurso. A reprodución, distribución ou transformación non autorizada de calquera material publicitario ou promocional constitúe unha infracción dos dereitos de propiedade intelectual do titular.